

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 23 DE OUTUBRO DE 2018**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 23 de outubro de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 19 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Santos Héctor Rodríguez
- Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal  
D. José Riesgo Boluda (agás o punto 2a)  
D<sup>a</sup>. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2, 4 e 10)  
D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste ao punto 8)  
D<sup>a</sup>. Cristina Gómez García (asiste ao punto 11b)
- Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### **1.- Aprobación de actas**

#### **a) Acta do 18 de outubro de 2018**

Apróbase a acta da sesión do 18 de outubro de 2018 cos votos de D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal e D. José Riesgo Boluda.

### **2.- Apertura administrativa**

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (emenda de documentación)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 11 de outubro de 2018, o 15 de outubro se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. ICOGA, S.L. (D<sup>a</sup>. Josefa Álvarez Domínguez) (lote 5)
2. TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lote 1)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 1 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Os anteriores licitadores presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a ICOGA, S.L. (D<sup>a</sup>. Josefa Álvarez Domínguez) (lote 5) e TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lote 1) por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

**4.- Apertura económica**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332)**

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios de cada lote consignados no PPT	Maior baixa proporcional a aplicar a cada unha das unidades non previstas no PPT
1	ICOGA, S.L. (ÁLVAREZ DOMÍNGUEZ JOSEFA) (lote 5)	Lote 5 - 25%	Lote 5 - 0%
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 5, 6 e 7)	Lote 1 - 15% Lote 2 - 15% Lote 5 - 20% Lote 6 - 20% Lote 7 - 10%	Lote 1 - 10% Lote 2 - 10% Lote 5 - 10% Lote 6 - 10% Lote 7 - 10%
3	GARCI VENTA, S.L. (todos os lotes)	Lote 1 - 25% Lote 2 - 25% Lote 3 - 15% Lote 4 - 6% Lote 5 - 26% Lote 6 - 23% Lote 7 - 10%	Lote 1 - 0% Lote 2 - 0% Lote 3 - 0% Lote 4 - 0% Lote 5 - 0% Lote 6 - 0% Lote 7 - 10%



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



	Licitador	Maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios de cada lote consignados no PPT	Maior baixa proporcional a aplicar a cada unha das unidades non previstas no PPT
4	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lote 1)	Lote 1 - 10%	Lote 1 - 40%
5	HIROMEGAL, S.L. (lote 4)	Lote 4 - 15%	Lote 4 - 0%

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Educación de valoración do sobre C de data 23 de outubro de 2018, que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa. O resultado da valoración segundo o referido informe é o seguinte:

“LOTE 1: Formigóns, morteiros, outros

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	83,89
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	67,60

LOTE 2: Materiais de albanería e sanitarios

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	64,00

LOTE 3: Materiais para carpintería de madeira

Neste lote soamente se presentou un licitador polo cal de acordo o indicado no punto 3 da clausula 16 do PCAP "As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 18 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula"

Polo exposto correspondelle a máxima puntuación o único licitador deste lote:

1º- GARCI VENTA S.L. cun total de 100,00 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

LOTE 4: Materiais para carpintería de aluminio

	Clasificación de orden	Puntuación
1	HIROMEGAL, S.L.	90,00
2	GARCI VENTA S.L.	41,14

LOTE 5: Materiais para fontanería e saneamento

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	98,00
2	ALVAREZ DOMINGUEZ JOSEFA.	92,86
3	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	74,00

LOTE 6: Material para instalacións eléctricas

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	76,98

LOTE 7: Alquiler de maquinaria

	Clasificación de orden	Puntuación
1	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	100,00
1	GARCI VENTA S.L.	100,00

Á vista do resultado anterior, existe un empate no lote 7. Respecto dos empates, a cláusula 16.5 do PCAP prevé:

*"5.- Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor da oferta que inclúa un menor prezo.*

*En segundo lugar, a favor da empresa que obtivese a maior puntuación nos criterios avaliados mediante xuízo de valor establecidos na cláusula 7.A das FEC, por orde de importancia en canto á maior ponderación asignada en cada un dos criterios. En caso de que se asine idéntica ponderación aos criterios, pola orde na que se relacionen na cláusula 7.A das FEC.*

*De persistir o empate, resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente.*

*Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á seguridade social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

*Se continuase o empate aplicaranse o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147.1 da LCSP segundo o orde que no mesmo se establece”.*

Tendo en conta as características deste contrato, recollidas no Anexo I -FEC- do PCAP, o empate resolverase a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate será achegada polos licitadores no momento no que se produza o empate, e non con carácter previo (artigo 147.1 da Lei 9/2017).

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. e GARCI VENTA, S.L. para que presenten a documentación esixida na cláusula 16.5 do PCAP anteriormente transcrita.

**8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 19 de outubro de 2018 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 19 de outubro de 2018 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos- FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 18 de outubro de 2018 de valoración do sobre B *"proposición avaliable mediante xuízo de valor"*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Aragón, fase V, desde Travesía de Vigo á rúa Padre Celso (74-441)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira industrial da Área de Fomento, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 19 de outubro de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de rehabilitación e transformación do contorno urbano da Gran Vía – entre a rúa María Berdiales e a rúa Venezuela (76- 441)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 19 de outubro de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento de espazos deportivos do IMD baixo a Grada de Río de Balaídos" (87-441)**

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canles e Portos- FEDER Vigo Vertical e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais o 18 de outubro de 2018 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

**10.- Propostas de clasificación/clasificación**

**a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lotes 1, 2, 3, 4, 5 e 6)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332) (lotes 1, 2, 3, 4, 5 e 6) na seguinte orde descendente:

**LOTE 1:** Formigóns, morteiros, outros

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	83,89
3	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L.	67,60

**LOTE 2:** Materiais de albanería e sanitarios

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	64,00

**LOTE 3:** Materiais para carpintería de madeira

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	100,00

**LOTE 4:** Materiais para carpintería de aluminio

	Clasificación de orden	Puntuación
1	HIROMEGAL, S.L.	90,00
2	GARCI VENTA S.L.	41,14

**LOTE 5:** Materiais para fontanería e saneamento

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	98,00
2	ALVAREZ DOMINGUEZ JOSEFA.	92,86
3	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	74,00

**LOTE 6:** Material para instalacións eléctricas

	Clasificación de orden	Puntuación
1	GARCI VENTA S.L.	90,00
2	MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.	76,98

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, GARCI VENTA S.L. (lotes 1, 2, 3, 5 e 6) e HIROMEGAL,S.L. (lote 4), para que presenten, no prazo de dez días



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

## 11.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612)

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612)

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 4 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L.	100 puntos

*Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4f da LCSP):*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



Así mesmo, ao non esixirse neste procedemento a súa inscrición obrigatoria no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público ou no rexistro da correspondente CCAA, o licitador deberá presentar a seguinte documentación:

1. Ao tratarse dunha persoa xurídica, acreditación da válida constitución e obxecto social.
2. Capacidade de obrar.
3. Poder bastante con que actúe o seu representante, no seu caso.
4. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
5. A acreditación da solvencia económica e técnica xa foi presentada polo licitador na súa oferta. Se ben a solvencia económica acreditada é suficiente segundo o esixido no apartado 5 do Anexo I -FEC- do PCAP, a solvencia técnica non. En consecuencia, deberán completala tendo en conta o previsto na cláusula 8.5.3 do PCAP que se transcribe:

*Unha relación dos principais subministros ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros ou traballos por importe igual ou superior a unha anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o prezo do contrato”.*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., o día 9 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 17 de outubro de 2018, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 9 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 21 de setembro de 2018 polo que se acorda outorgar a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 15.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. o procedemento aberto procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9.233-612) por un prezo total de 60.113,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.032,38 euros, e cunha porcentaxe de redución dos prezos unitarios consignados na cláusula 1 do PPT do 11,9%.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**b) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓNCONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓNCONCELLO  
DE VIGO

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224) na seguinte orde descendente:

	<b>Licitador</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1	XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	98,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 11 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida nas datas 16 e 20 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor de data 27 de setembro de 2018 e do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 4 de outubro de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*"Adxudicar a XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. o procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización do centro de documentación e recursos feministas de Vigo (8.568-224) coas seguintes condicións:*

- a) O prezo total do contrato é de 27.764,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.818,63 euros.
- b) O persoal a adscribir ao contrato (con categoría de técnica bibliotecaria) conta con 48 meses de experiencia (a maiores do mínimo de 6 meses)

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332)**

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**Servizo de  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN**

**CONCELLO  
DE VIGO**



xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332)

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 4 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332) na seguinte orde descendente:*

#### **LOTE 1 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL TOMÁS ALONSO**

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	90,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	87,48
3	CLECE, S.A.	82,25

#### **LOTE 2 ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL BOUZAS**

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación total</b>
1	PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L.	91,75
2	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	86,64
3	CLECE, S.A.	85,31

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

**Segundo.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar nos dous lotes, PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., o día 8 de outubro de 2018, que presenta a documentación requirida o 10 e 22 de outubro de 2018, dentro do prazo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 13 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

concedido.

**Terceiro.-** A Mesa de Contratación na sesión do 23 de outubro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor do 14 de setembro de 2018 (e informe complementario do 24 de setembro) e co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula do 2 de outubro de 2018.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 1 "EIM Tomás Alonso" do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332) por un prezo total de 902.675,23 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



- a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*  
b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*
2. *Adxudicar a PROMOCIÓN FORMACIÓN LAS PALMAS, S.L. o lote 2 "EIM Bouzas" do procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión das escolas infantís municipais "Tomás Alonso" e "Bouzas" (21.847-332) por un prezo total de 881.682,78 euros (exento de IVE) e coas seguintes condicións:*
- a) *Comprométese a realizar 5 saídas e visitas didácticas anuais.*  
b) *Comprométese a realizar 10 actividades de escola de pais anuais.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".*

#### 14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

**a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (17.091-333) (recurso de alzada interposto por D. Pablo Casal Núñez contra o acordo da Mesa do 18 de setembro de 2018 de non admisión no procedemento)**

Os membros da Mesa toman coñecemento do citado recurso.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 12:40 horas logo dun receso de dúas horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 11:26	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AHA744-C5D8B6-8DE4DH-PJ1X72-HDJM8T-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		